



FUNDACIÓN
ÉRGUETE-INTEGRACIÓN



FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN
MEMORIA DE ACTIVIDADES 2022

1. INCORPORACIÓN
LABORAL E FORMACIÓN

2. INTERVENCIÓN EN
MEDIO PENITENCIARIO

3. INTERVENCIÓN SOCIAL

4. ÁREA DE IGUALDADE

PROGRAMAS E SERVICIOS

1. INCORPORACIÓN LABORAL E FORMACIÓN

INCORPORA

Axudamos a persoas en risco de exclusión social para que accedan a un emprego acorde coas súas aptitudes e motivacións, xa sexa nunha empresa ou emprendendo un negocio propio.

Ofrecemos un servizo de atención ás persoas beneficiarias mediante a orientación laboral, a partir do deseño de itinerarios de inserción, a derivación a actividades de formación e empoderamento, e asesorando sobre técnicas e canles de busca de emprego, ata alcanzar unha completa integración sociolaboral.

Outra liña de traballo é a creación de alianzas con entidades e empresas mediante a difusión e promoción do programa como recurso de RSC.

A entidade pertence ao grupo Incorpora Galicia desde o ano 2008. O traballo colaborativo en rede favorece a eficiencia e a efectividade para dar resposta ás necesidades das empresas e das persoas.

Promove: Fundación "la Caixa"

- 517 persoas beneficiarias (287 mulleres e 230 homes).
- 324 altas (175 mulleres e 149 homes).
- 1.243 seguimentos.
- 132 empresas visitadas.
- 77 empresas colaboradoras (38 convenios para prácticas profesionais non laborais).
- 5 agrupacións empresariais colaboradoras.
- 124 ofertas de emprego xestionadas.
- 98,53% de satisfacción das persoas beneficiarias.
- 196 insercións laborais (110 mulleres e 86 homes).

Parte destes datos proceden da realización dos subprogramas: Reincorpora, Punto Formativo Incorpora e Punto de Autoemprego Incorpora.

PUNTO DE FORMACIÓN INCORPORA

Axudamos a mellorar a empregabilidade a través de formacións para potenciar as competencias sociais e laborais de cada persoa. As nosas formacións inclúen prácticas en empresas que facilitan a entrada ao mundo laboral.

A formación técnica está orientada a cubrir as necesidades reais do tecido produtivo e do mercado laboral, polo que se da un contacto continuado e traballo conxunto con empresas e asociacións empresariais.

Os colectivos aos que se dirixe son persoas do Programa Incorpora derivadas polas entidades que configuran o Grupo Incorpora Galicia, que expresen motivación pola aprendizaxe e o emprego.

Principais actividades:

- Formación en competencias transversais que cualifican ás persoas para que estean en mellor disposición para a inserción laboral e para o mantemento do emprego.
- Adquisición de competencias técnicas ocupacionais en distintas especialidades mediante a impartición de contidos teórico-prácticos.
- Prácticas formativas en empresas.

Cursos:

- *Limpeza e desinfección de edificios e locais.*
- *Axudante de cociña.*
- *Auxiliar de comercio e reposición.*

- 60 persoas participantes (26 mulleres e 34 homes).
- 3 accións formativas.
- 900 horas de formación.
- 52 diplomas entregados.
- 94,90% de satisfacción das persoas beneficiarias.
- 34 insercións laborais (17 mulleres e 17 homes).



Curso Axudante de cociña

PUNTO AUTOEMPREGO INCORPORA

Asesoramos para a creación dun negocio propio, analizando a viabilidade do proxecto e axudamos a atopar financiamento.

Principais actividades:

- Prospección de información sobre axudas, subvencións, concursos e eventos de interese para as persoas emprendedoras.
- Asesoramento a persoas con perfil emprendedor.
- Titorización na realización de Plans de Empresa.
- Actividades de acompañamento aos recursos clave do territorio.
- Coordinación coas oficinas de Caixabank para facilitar o acceso aos Microcréditos - Convenio entidades.
- Acompañamento e información a empresas xa creadas.

Outras actividades:

- Obradoiros de sensibilización para o Autoemprego:
 - 3 PFI Fundación Érguete-Integración. 43 persoas formadas (17 mulleres e 26 homes).
 - 1 PFI APES. 12 persoas formadas (4 mulleres e 8 homes).
 - 1 Empleo Inclusivo. 8 persoas formadas (4 mulleres e 4 homes).
- Xornada Informativa Reforma do Réxime especial de persoas traballadoras autónomas: en colaboración con ATA Galicia - Asociación de traballadores Autónomos - 26 persoas asistentes (17 mulleres e 9 homes).

- 92 persoas beneficiarias (58 mulleres e 34 homes).
- 26 empresas creadas.
- 23 microcréditos aprobados por un importe de 394.375,85€.
- 100% de satisfacción das persoas beneficiarias.
- 22 empresas consolidadas.
- 9 empresas con servizo de axuda.
- 304 asesoramentos.
- 27 insercións laborais (21 mulleres e 6 homes).





Xornada Informativa: Reforma do Réxime especial de persoas traballadoras autónomas

CIBEREMPREGO

Aula informática onde se facilita o acceso ás Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) a colectivos especialmente desfavorecidos en risco ou situación de exclusión social, para axudarlles coa procura de emprego e aprendizaxe do manexo destas ferramentas.

Este recurso, que sempre consideramos moi importante, adquiriu a categoría de indispensable no momento en que todas as xestións relacionadas co emprego desenvólvense de xeito telemático, xa que pon a disposición das persoas beneficiarias da entidade a formación e os recursos necesarios para poder realizalas.

Os computadores dispoñibles na aula foron doados pola Fundación Josep Antón Cerqueda, e na instalación do software libre que se utiliza, colabora Ulteira Comunicacions, S.L.

Actividades:

- Servizo de orientación e axuda para a procura activa de emprego a través de Internet, mediante a creación de contas de correo electrónico, elaboración de curriculum vitae, cartas de presentación e altas nos portais de emprego, empresas de traballo temporal e asociacións empresariais.
- Facilitar o acceso á Administración Electrónica.
- Formación, a nivel de iniciación, no manexo do computador, programas de ofimática básicos e Internet, así como do teléfono móbil e formación para acceder á Administración Electrónica.

- Colaboración con outros programas da entidade para impartir módulos transversais de: procura activa de emprego a través do uso do computador e Internet e competencias dixitais básicas.
- Colaboración cos programas da entidade e outros servizos sociais externos na recepción de persoas beneficiarias.

CIBER:

- 340 persoas beneficiarias (180 mulleres e 160 homes).
- 202 altas (109 mulleres e 93 homes).
- 10,4% altas procedentes doutras entidades sociais.
- 1.047 visitas.
- 4,82 persoas usuarias de media por día.
- 498 CV impresos.
- 421 CV enviados a ofertas de emprego ou coma autocandidatura.
- 6,4% xestións telemáticas do total de actividades realizadas (un 67% máis que o ano anterior).
- 100% de satisfacción de persoas beneficiarias.
- 4 insercións laborais (2 mulleres e 2 homes).



FORMACIÓN:

- 2 accións formativas: Iniciación a Libre Office Calc e Competencias Dixitais Básicas (Sistema Operativo, Internet, Email).
- 54 horas de formación.
- 15 alumnas/os (7 mulleres e 8 homes).
- 11 diplomas entregados.
- 98,61% de satisfacción do alumnado.
- 12 módulos transversais (24 accións formativas) de Novas Tecnoloxías para Procura de Emprego, Competencias Dixitais Básicas e Acceso a E-Administración, doutros programas da Fundación (Apoio a Inserción Sociolaboral en Medio Penal, Inclusión Social, Plan Integrado de emprego, Punto Formativo Incorpora, Achégate a rede e Proxecto Virada).
- 214 horas de módulos transversais.
- 177 alumnas/os procedentes doutros programas da entidade.



FOMENTO DO EMPREGO

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN: SERVIZO DE APOIO PARA A INCLUSIÓN DE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS

Contratación de 4 persoas desempregadas durante 12 meses (desde decembro de 2022) a través dos Programas de Cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, nos seguintes postos:

- 2 Técnicas de Apoio para o programa Sisifo (Vigo e A Coruña).
- 1 Orientadora Laboral.
- 1 Técnica de Comunicación.

Promoven: Xunta de Galicia, Consellería de Emprego e Igualdade.

- 4 persoas contratadas (4 mulleres).



FOMENTO DO EMPREGO: APOIO A PERSOAS EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL

Contratación de 2 persoas desempregadas durante catro meses a través das subvencións para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro 2022 do Concello de Vigo, no proxecto **ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSION SOCIAL:**

- 1 Administrativa-Prospectora de empresas.
- 1 Técnico de programa redución do dano.

Promove: Concello de Vigo

- 2 persoas contratadas (1 muller e 1 home).
- 21 horas de formación.
- 2 insercións laborais ao finalizar o proxecto.

FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Contratación de mulleres durante 12 meses (desde setembro de 2022) a través das subvencións destinadas ao fomento da contratación, por parte de entidades sen ánimo de lucro, de mulleres que sofren violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero:

- 1 Técnica de programa redución do dano.
- 1 Limpadora.

Promoven: Xunta de Galicia e Pacto de Estado contra a violencia de xénero

- 4 persoas contratadas (4 mulleres).
- 1 inserción laboral ao finalizar o proxecto.

EMPREGO INCLUSIVO

O obxectivo deste proxecto é mellorar a empregabilidade das persoas en risco ou posible risco de exclusión, para conseguir a súa incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, desde un enfoque de empoderamento da persoa e o desenvolvemento das súas competencias a través de accións de capacitación e prácticas profesionais non laborais en empresas.

Actividades:

- Formación - capacitación técnica, para mellorar a capacidade profesional das persoas candidatas.
 - 2 cursos:
 - Atención a persoas dependentes, Marín.
 - Auxiliar de Almacén, Redondela.
- Prácticas non laborais en empresas, para ter un primeiro contacto e achegamento á realidade empresarial.
- Formación en competencias transversais, para mellorar aspectos da procura de emprego.
- Servizo de orientación e intermediación laboral, tanto durante o proceso formativo como tras a súa finalización.

Promove: Deputación de Pontevedra

Colaboran: Concello de Marín e Concello de Redondela.

- 22 participantes (16 mulleres e 6 homes).
- 405 horas de formación.
- 16 diplomas entregados.
- 7 convenios con empresas e 1 con entidades para prácticas profesionais non laborais.
- 92,71% de satisfacción das persoas participantes.
- 3 insercións laborais (mulleres).



PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO - EAPN GALICIA

O Programa Integrado-MRR para o Fomento da empregabilidade de Persoas Vulnerables ten como obxectivo facilitar a inserción sociolaboral das persoas desempregadas que se atopan en situacións de vulnerabilidade ou exclusión social segundo o artigo 3 da Lei 10/2013 ISG.

A coordinación realízase desde EAPN Galicia, e desenvólvese en Vigo.

Actividades:

- Información e acollida
- Diagnose da situación persoal, familiar, social e laboral.
- Elaboración dun itinerario personalizado de inserción sociolaboral.
- Implantación do itinerario:
 - Orientación sociolaboral.
 - Formación ocupacional: Administrativo/a Comercial, limpeza profesional, formación en frescos, Panadaría e Repostería, Carretilla elevadora, Plataforma Elevadora, Manipulación de alimentos e alérxenos, matriculas individuais (Carné de conducir, Dirección Comercial, Auditor Interno de Sistemas de Xestión da Enerxía-SGEn).
- Mellora da cualificación profesional: formación prelaboral e laboral: 2 obradoiros de procura activa de emprego, 2 obradoiros de mellora de Habilidades Sociais, 1 obradoiro de procura de emprego e habilidades sociais, 1 obradoiro sobre emprego e seguridade social, e 1 curso de procesador de textos.
- Prospección do mercado laboral.
- Ferramentas para a procura activa de emprego.
- Seguemento, durante o seu desenvolvemento e con carácter posterior á súa finalización.

Promoven:

- **Xunta de Galicia**, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- **Ministerio de Trabajo y Economía Social** no marco do PRTR (Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia), Fondos Europeos NextGenerationEU.

- 41 persoas atendidas (23 mulleres e 18 homes).
- 40 itinerarios personalizados deseñados.
- 206 seguementos dos itinerarios.
- 30 itinerarios finalizados.
- 10 formacións ocupacionais.
- 7 formacións Prelaborais e Laborais.
- 4 matriculas individuais.
- 10 convenios con empresas para prácticas non laborais.
- 100% de satisfacción das persoas participantes.
- 24 insercións laborais (15 mulleres e 9 homes).



SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL

Proporcionase información ás persoas demandantes de emprego sobre o seu potencial laboral, ofrecendo asesoramento na procura de emprego, deseño de perfís profesionais, servizos asociados, así coma un abano de ofertas formativas para facilitar a súa inserción no mundo laboral a través de Itinerarios Públicos Personalizados de Inserción.

Desenvólvese en Vigo.

Actividades:

entrevistas de diagnóstico individualizado e elaboración de perfís profesionais, acordos de emprego, asignación de tarefas, asignación de servizos, especialidades formativas e cursos, seguimentos dentro e fora de Itinerarios e diversas accións grupais de mellora da capacitación e competencias de acceso ao emprego.

Promoven:

- **Xunta de Galicia**, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Dirección xeral de Formación e Colocación.
- **Ministerio de Trabajo y Economía Social** - Servicio Público de Empleo.

- 155 persoas atendidas (99 mulleres e 56 homes).
- 486 citas.
- 142 perfís profesionais creados.
- 196 seguimentos realizados.
- 1.069 accións realizadas.
- 35 itinerarios activos.
- 100% satisfacción das persoas beneficiarias.
- 22 insercións laborais (17 mulleres e 5 homes).



AXENCIA DE COLOCACIÓN

Axencia de Colocación nº 1200000078.

Grazas a esta cualificación, a entidade continúa aproveitando ao máximo as sinerxías que se establecen co Servizo Público de Emprego, ademais de manter tamén unha estreita relación co tecido empresarial da zona e arredores. Coma todos os servizos que se ofertan na entidade é de carácter gratuito.

O fin último do traballo da Fundación Érguete coma Axencia de Colocación é proporcionar as persoas demandantes de emprego un traballo adaptado as súas características, así como achegar ás empresas aquelas persoas traballadoras que se axusten aos seus requirimentos e necesidades.

- 43 candidaturas.
- 135 ofertas xestionadas.
- 27 insercións laborais (9 mulleres e 18 homes).



WEB: <http://www.fundacionerguete.org/colocacion/>

EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL CORMO INTEGRAL, S.L.U.

A Empresa de Inserción Laboral (EIL) participa na incorporación sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social, proporcionándolles unha ocupación remunerada durante un período máximo de 36 meses, no que as persoas poden adquirir e/ou complementar competencias profesionais. A ferramenta básica para acadar este obxectivo, é o itinerario de inserción e o seu seguimento, facilitando así o acceso ao mercado laboral.

A EIL participa activamente no mercado laboral dende hai 14 anos, prestando servizos, por unha banda, no sector da Xardinería, Forestal e Medio Ambiente, e por outra, na atención ás persoas.

Participa no Foro pola Economía Social (2018), a través da Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (AEIGA).

Financiamento

- Ingresos propios, polos servizos prestados.
- Incentivos da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, destinados a promover a inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social, mediante o establecemento de medidas de fomento ás EIL.
- Préstamos bancarios.

Principais clientes

- Concello de Vigo.
- Concello de Pontevedra.
- Concello de Nigrán.
- Concello de Redondela
- Autoridade Portuaria de Vigo.
- Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL).
- Xunta de Galicia.

- 109 persoas traballadoras (68 mulleres e 41 homes).
- 89% persoal de produción (75,25 % en situación ou risco de exclusión social).
- 61 altas -64% en situación ou risco de exclusión - (35 mulleres e 26 homes).
- 23 accións formativas para as persoas traballadoras.
- 230 horas de formación.
- 97 participantes nas accións formativas.
- 97,73% de satisfacción das persoas traballadoras en inserción.
- 11 insercións laborais en empresas ordinarias (8 mulleres e 3 homes).



Web: <http://www.cormointegral.es>



Traballos de xardinería | EIL CORMO INTEGRAL, S.L.U.

2. INTERVENCIÓN EN MEDIO PENITENCIARIO

ITÍNERE

Programa de seguimento e atención de persoas en tratamento unha vez excarceradas no ámbito da incorporación social de trastornos aditivos. A metodoloxía de traballo baséase no deseño e supervisión de Itinerarios Personalizados de Inserción (IPI). Desenvólvese nos CC.PP. de Teixeira (A Coruña), A Lama (Pontevedra), Pereiro de Aguiar (Ourense) e nos C.I.S. "Carmen Avendaño Otero" de Vigo e "Carmela Arias y Díaz de Rábago" da Coruña.

Actividades:

- **Servizo de orientación laboral** en medio pechado (CC.PP. A Lama, Pereiro de Aguiar e Teixeira) e medio aberto (C.I.S. da Coruña e Vigo): deseño e seguimento de itinerarios personalizados de inserción, información, asesoramento e acompañamento.
- **Talleres de procura activa do emprego, habilidades sociais e habilidades dixitais** (C.I.S. da Coruña e Vigo). Coa finalidade de proporcionar coñecementos, habilidades sociais e ferramentas necesarias para acceder ao mercado laboral e favorecer o mantemento do emprego; e facilitar o acceso ás novas tecnoloxías para liquidar a fenda dixital.
- **Competencias clave nivel 2** (C.P. A Lama). Preparación dun grupo de internas/os cara as probas de acceso para garantir que se posúen as competencias clave para cursar con aproveitamento os certificados de profesionalidade que lle facilitará a súa inserción laboral. Actividade suspendida pola anulación da convocatoria das probas da Xunta de Galicia.
- **Curso Auxiliar Xeriatria**. Actividade de formación ocupacional na rama sanitaria, Auxiliar de Xeriatria en institucións sociosanitarias (C.P. A Lama).
- **Súmate. 2 Talleres para traballar a socialización diferencial cun grupo de homes** (C.P. Pereiro de Aguiar).

- **Terapia Asistida con animais.** Espazo terapéutico para mulleres privadas de liberdade, para traballar a súa autoestima, comunicación asertiva e potenciar as emocións positivas (C.P. A Lama).
- **Taller de habilidades socioculturais e vida en comunidade.** Espazo de traballo persoal a través da cultura popular galega, para mellorar as súas habilidades sociais e a convivencia entre un grupo de mulleres privadas de liberdade (C.P. Pereiro de Aguiar).
- **Procura do emprego nos primeiros permisos.** Taller desenvolvido dentro do programa da Institución Penal de Primeiros Permisos (C.P. A Lama).

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade.

- 283 persoas atendidas (92 mulleres e 191 homes).
- 192 altas (53 mulleres e 139 homes).
- 10 accións formativas.
- 415 horas de formación.
- 58 participantes.
- 52 diplomas entregados.
- 1.651 seguimentos de itinerarios inserción.
- 96,25% de satisfacción das persoas participantes.
- 47 insercións laborais (12 mulleres e 35 homes).



APOIO A INCLUSIÓN SOCIOLABORAL EN MEDIO PENAL

Programa para a incorporación sociolaboral dun grupo de persoas privadas de liberdade, a través de accións ocupacionais e pre-laborais que contribúan a revertir a situación de exclusión severa, facilitando o acceso ao emprego tras o tempo de condena.

Prestacións que inclúe:

- Deseño de proxectos de inclusión sociolaboral
- Accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades sociais e laborais
- Accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Política Social. Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7%,

- 78 persoas atendidas (13 mulleres e 65 homes)
- 78 itinerarios personalizados de inserción deseñados.
- 20 talleres de competencias persoais e para o emprego.
- 3 cursos de formación ocupacional.
- 603 horas de formación.
- 94,34% de satisfacción das persoas participantes.
- 12 insercións laborais (2 mulleres e 10 homes).



PROXECTO ABEIRO

Desenvolvido no marco do convenio asinado pola Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, Fundación Érguete-Integración, Fundación Roviralta, FEAFES-Galicia, Asociación Érguete e Fundación Barrié, ten unha dobre intencionalidade:

1. Proporcionar ao alumnado os coñecementos teórico-prácticos necesarios para a obtención dunha titulación homologada de Auxiliar de Psiquiatría. Complementariamente, favorécese o adestramento en competencias sociais e técnicas de procura de emprego.
2. Proporcionar ao CP un grupo de persoas cualificadas para o desenvolvemento das tarefas propias de *interna/o de apoio*: persoa que contribúe nas tarefas de seguimento, apoio e atención entre iguais daqueles internas/os que se atopan dados de alta no PPS (Protocolo de Prevención de Suicidios) ou en situacións de malestar emocional significativo, axudando a persoas con problemas de saúde mental a través do PAIEM (Programa de Atención Integral ao Enfermo Mental).

Desenvólvese nos CC.PP. da Lama e Teixeiro.

Promoven: Fundación Barrié e Fundación Roviralta

- 20 participantes (4 mulleres e 16 homes).
- 2 accións formativas.
- 692 horas de formación.
- 19 diplomas entregados.
- 95,60% de satisfacción das persoas participantes.
- 14 persoas reclusas con funcións de internas de apoio (2 mulleres e 12 homes).



COMPETENCIAS CLAVE

Desenvolvido ao abeiro do convenio asinado pola Secretaría General de Instituciones Penitenciarias, Fundación Érguete-Integración, Fundación Roviralta, FEAFES-Galicia, Asociación Érguete e Fundación Barrié.

Consiste na formación e preparación dun grupo de persoas privadas de liberdade para a obtención do certificado oficial de competencia clave de nivel 2 en lingua castelá, lingua galega e matemática, que facilita o acceso á formación ocupacional con certificado de profesionalidade.

A finalidade é mellorar o perfil de empregabilidade das persoas participantes, incrementando as súas expectativas de reincorporación social e laboral unha vez finalizado o tempo de condena.

Desenvolveuse no C.P. de Teixeiro.

Promoven: Fundación Barrié e Fundación Roviralta

- 14 participantes (1 muller e 13 homes).
- 1 acción formativa.
- 165 horas de formación.
- 14 diplomas entregados.
- 95,31% de satisfacción das persoas participantes.



SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL EN MEDIO PENITENCIARIO

Trátase de mellorar a empregabilidade das persoas que se atopan privadas de liberdade ou finalizando a súa condena, de xeito que poidan incorporarse ou volver ao mercado laboral, desde un enfoque de empoderamento persoal e o desenvolvemento das súas competencias.

Desenvolveuse no C.P. Teixeira e C.I.S. da Coruña.

Actividades:

- Itinerarios personalizados de inserción.
- Taller de Habilidades Sociais.
- Taller de Alfabetización Dixital.
- Taller de Procura de Emprego (inclúe módulo de Autoemprego).

Promove: Deputación Provincial da Coruña. FOAXE-P.

- 20 itinerarios realizados.
- 90% persoas obtiveron diploma.
- 90,74% de satisfacción do alumnado.
- 2 insercións laborais (1 muller e 1 home).



Traballos de xardinería | EIL CORMO INTEGRAL, S.L.U.

REINCORPORA

Programa que traballa con persoas en proceso de excarceración no adestramento das súas competencias persoais, profesionais e dixitais co obxectivo da súa incorporación sociolaboral. Ten un enfoque de atención integral e personalizado das persoas para o cal existen diferentes modalidades de intervención baseados nun esquema de actividades común.

Principais actividades:

- Preselección de persoas beneficiarias do Programa.
- Posicionamento ante o emprego.
- Adestramento en competencias sociais e laborais.
- Formación e prácticas non laborais.
- Servizos á comunidade: estimulan as habilidades, reforzan o sentido de pertenza á comunidade e o achegamento a outras realidades.
- Talleres de procura activa de emprego.

Modelos de Intervención:

A. PUNTO FORMATIVO INCORPORA

- PFI ERGUETE-INTEGRACIÓN (Vigo): 3 accións formativas, detállanse no apartado Punto Formativo Incorpora, onde participaron 20 persoas (5 mulleres e 15 homes).
- PFI FEAFES (A Coruña): 1 acción formativa "Limpeza de inmobles" onde participaron 3 persoas (1 muller e 2 homes).

B. ITINERARIO PERSONALIZADO DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL.

As persoas participantes deste grupo seguen un itinerario sen capacitación técnica. Participantes: 10 homes.

C. EPYCO.

Lévase a cabo nos centros nos centros de medio aberto e pechado das provincias da Coruña e Pontevedra. Desenvólvese cun equipo de alto desempeño en cada centro, composto por profesionais da institución e as 4 técnicas Reincorpora (unha por C.P.). Pretende mellorar o proceso de inserción laboral a través do adestramento en competencias.

Servizos á comunidade:

As persoas participantes no programa colaboran nun proxecto de servizo solidario á comunidade. Trátase de actividades que facilitan e melloran as competencias, estimulan as habilidades, reforzan os valores e fomentan a participación social e o seu compromiso cívico.

Este ano fixéronse 2 servizos á comunidade:

- "*Apoio na Furgo*" (VIGO) en colaboración co programa SISIFO con 9 participantes (8 homes e 1 muller).
- "*Un patio pata tod@s*" (A CORUÑA) en colaboración coa ANPA e o CEIP Torre de Hércules dando continuidade ao servizo iniciado en 2021 con 20 participantes (10 mulleres e 10 homes). O proxecto foi finalista nos premios a nivel estatal APS (Aprendizaje y Servicio)

Promove: *Fundación "la Caixa"*

- 111 persoas beneficiarias (27 mulleres e 84 homes).
- 88 altas (22 mulleres e 66 homes).
- 107 persoas participan en actividades para a mellora da súa empregabilidade.
- 94,05% de satisfacción co programa.
- 59 insercións laborais (16 mulleres e 43 homes).



CESIÓN DE VEHÍCULO

A Deputación da Coruña cedeunos un vehículo para o desenvolvemento da intervención social en medio penitenciario, que se utiliza para o transporte (de balde) das persoas privadas de liberdade ou en proceso de excarceración que o precisan para as seguintes actividades:

- Acompañamentos a centros sanitarios.
- Acompañamentos para levar a cabo xestións administrativas.
- Acompañamentos no traslado das persoas internas ao inicio dos seus permisos, debido á inexistente rede de transporte público dende o centro penitenciario.
- Saídas programadas dos programas de orientación laboral para acercar ás persoas usuarias aos recursos.
- Servizos á comunidade: actividades colaborativas entre as persoas usuarias da Fundación e outras entidades da contorna, onde é necesario levar a cabo tanto o traslado das persoas participantes como de diferentes materiais que fosen precisos para a realización do proxecto.
- Acompañamentos para facilitar o acceso aos recursos das persoas usuarias, como poden ser a asistencia a accións formativas, entrevistas de traballo, citas no servizo de orientación laboral da propia entidade, etc.

Promove: *Deputación Provincial da Coruña. FOIEV 2021.*



Cesión vehículo

3. INTERVENCIÓN SOCIAL

SÍSIFO

Programa de Intervención Precoz con Drogodependentes en Situación de Emerxencia Social que ten como finalidade mellorar a accesibilidade da poboación diana á rede asistencial. O servizo atende a persoas en situación de exclusión social severa.

• SUBPROGRAMA DE CAPTACIÓN ACTIVA E INTERVENCIÓN EN MEDIO ABERTO (Outrech).

Desprazamento a zonas de consumo de drogas en Vigo e Marín (Pontevedra), e A Coruña, para intervir in situ.

• SUBPROGRAMA DE CENTRO DE ENCONTRO E ACOLLIDA.

Centros de Calor-Café en Vigo e A Coruña.

• SUBPROGRAMA DE REDUCCIÓN DE RISCOS E DIMINUCIÓN DE DANOS.

Intercambio de material de consumo e dispensa de material preventivo para prácticas sexuais. Orientación, información, acompañamento, derivación, apoio psicolóxico e seguimento. Realización da proba rápida de VIH e de VHC en fluído oral.

• SUBPROGRAMA DE INFORMACIÓN-FORMACIÓN.

- Actividades formativas relacionadas co VIH, a Hepatite, sexo seguro, drogas, redución de danos, saúde, etc.
- Actividades informativas en distintas campañas en Universidades e a poboación en xeral.

Promove: *Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade.* Subvención, que incorpora fondos procedentes do tramo autonómico da asignación tributaria do 0,7 % do IRPF destinada á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención na Comunidade Autónoma de Galicia.

- 939 persoas beneficiarias (232 mulleres e 707 homes).
- 408 altas (102 mulleres e 306 homes).
- 27.037 intervencións.
- 107.589 alimentos entregados.
- 16.499 unidades de material de hixiene entregadas.
- 1.690 xiringas entregadas.
- 2.426 xiringas recollidas.
- 380 xiringas recollidas en campañas.
- 833 unidades de ácido cítrico, compresores e toallíñas de alcol.
- 3.133 unidades de material preventivo de sexualidade (profilácticos e lubricante).
- 140 accións de seguimento médico de VIH e VHC.
- 545 derivacións e/ou acompañamentos a outros recursos.
- 117 probas de VIH e de VHC realizadas.
- 92,70% de satisfacción das persoas beneficiarias do programa.
- 12 insercións laborais (1 muller e 11 homes)



FORMACIÓN E INFORMACIÓN:

- 11 accións formativas.
- 89 participantes nas accións formativas (35 mulleres e 54 homes).
- 7 accións de información e divulgación.
- 86 participantes nas accións de información e divulgación (16 mulleres e 70 homes).
- 98,56% de satisfacción das persoas participantes.



PROXECTO VIRADA

Subprograma do Programa SÍSIFO, que ten como finalidade a incorporación social e o fomento de emprego de persoas con trastornos mentais ou aditivos mediante a adquisición de valores, competencias e habilidades.

O proxecto VIRADA consiste na elaboración dunha folla de ruta individualizada, entendida como o percorrido polos seus propios obxectivos, cunha duración estimada de seis meses, para a promoción e desenvolvemento das capacidades das persoas que atendemos dentro do programa Sísifo. Deste xeito pretendemos axudarlles no empoderamento necesario para que se vexan coas forzas e motivación para exporse e emprender o camiño cara os seus propios obxectivos, incluída a incorporación sociolaboral.

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade. Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais.

- 115 persoas atendidas con trastornos aditivos ou patoloxía dual en situación de exclusión social severa en Vigo, A Coruña e Marín (40 mulleres e 75 homes).
- 63 de entrevistas realizadas.
- 557 intervencións psicossociais realizadas.
- 6 actividades formativas, con 32 participantes (7 mulleres e 25 homes).
- 281 intervencións de xestión de citas e documentación.



CALOR CAFÉ DO PROGRAMA SÍSIFO NA CORUÑA

Local destinado á atención das necesidades básicas das persoas en situación de consumo de substancias e/ou persoas en situación de exclusión social.

O obxectivo é mellorar a súa situación a través da atención directa e personalizada.

Promove: Concello da Coruña

- 17 persoas de media diaria acoden ao servizo.
- 5.615 intervencións.

CURSOS

- 10 accións formativas e de sensibilización.
- 89 persoas participantes (35 mulleres e 54 homes).

CAMPAÑAS INFORMATIVAS

- 4 campañas informativas.
- 191 persoas informadas (115 mulleres e 76 homes).

PROBAS RÁPIDAS DE VIH/VHC

- 31 probas realizadas (9 mulleres e 22 homes).



PROXECTO VERBAS

Xornadas informativas de sensibilización destinadas a persoas drogodependentes e/ou en situación de exclusión social, co propósito de favorecer a difusión de información relativa a VIH e Hepatite C, novos tratamentos, avances respecto á consecución da carga viral indefectible e promover a prevención para todas as prácticas de risco.

Así mesmo, pretende reducir o estigma social e mellorar a imaxe das persoas enfermas.

Promove: Concello de Vigo

- 37 participantes (22 mulleres e 15 homes).
- 6 xornadas informativas.
- 9 horas de formación.



ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA CALOR-CAFÉ DA CORUÑA

Esta axuda permitiu mellorar o equipamento do local de calor café de A Coruña mediante a adquisición de estores, taquillas (nelas poden gardar as persoas usuarias os seus efectos persoais e roupa) e cámara fotográfica e material auxiliar (utilízase para as actividades formativas, tanto na elaboración de material didáctico coma na formación práctica do alumnado).

Promove: *Deputación Provincial da Coruña. FOIE.*

PROXECTO NEXUS

É un programa que atende á persoa de forma integral e sempre con perspectiva de xénero.

O obxecto deste proxecto, nun primeiro momento, é formar a mediadores en redución do dano que fomenten a mellora da prevención, promoción e educación para a saúde, a recuperación persoal, o fomento da autonomía e o coñecemento de habilidades e técnicas para promover condutas de redución de risco. Nun segundo momento crearanse dous grupos de axuda mutua nos que se traballa en primeira persoa cos aspectos e ferramentas aprendidas na formación.

Desenvolveuse no C.P. Pereiro de Aguiar.

Promove: *UNAD. La red de atención a las adicciones. Subvenciones para la realización de actividades de interés general consideradas de interés social, correspondientes a la Secretaría de Estado de Derechos Sociales.*

- 23 participantes (1 muller e 22 homes).
- 6 sesións formativas específicas, 24 horas.
- 6 sesións de axuda mutua guiadas por profesional.
- 4 sesións de axuda mutua guiadas por mediador/a.



ESPACIO 0

Espacio 0, é un punto accesible, sen cita previa e presencial de intervención integral psicosocial, no que as persoas poden realizar trámites en materia de vivenda, saúde, saúde mental, formación, emprego e de xestións sociais, acompañadas e apoiadas por unha profesional.

Este proxecto é unha ferramenta de acompañamento ás persoas sen fogar de Vigo no seu proceso de inicio á inclusión social. Ademais, centraliza, profesionaliza e mellora a intervención psicosocial que xa realizamos con estas persoas dende a Fundación Érguete-Integración.

O proxecto comezou en setembro de 2022 e finalizará en xullo de 2023.

Promove: *Fundación "la Caixa"*

- 109 persoas beneficiarias (25 mulleres e 84 homes).
- 7 derivacións a albergues.
- 1 derivación a entidades ou servizos sociais en materia de vivenda.
- 11 persoas que acceden a unha vivenda segura.
- 19 derivacións a servizos sociais municipais.
- 24 derivacións a entidades sociais.
- 64 citas xestionadas para rexistros da administración pública.
- 19 derivacións a servizos xurídicos.
- 4 citas xestionadas para centros de saúde.
- 34 xestións administrativas realizadas en materia de saúde.
- 14 acompañamentos a centros sanitarios.
- 3 intervencións prelaborais.
- 11 derivacións aos servizos de procura de emprego da Fundación Érguete- Integración.
- 18 trámites xestionados para o servizo galego de emprego.



ATENCIÓN ÁS NECESIDADES BÁSICAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL

Pretende atender determinadas necesidades básicas que, de xeito xeral, non están cubertas polos recursos existentes en Vigo e A Coruña.

A través do mesmo proporcionamos artigos de abrigo difíciles de conseguir nos roupeiros, como é o calzado e sacos de durmir, servizo básico de perruquería e complemento para alimentación básica.

Promove: *Xunta de Galicia, Consellería de Política Social.* Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas.

- 22.282 almozos.
- 46.489 entregas de alimentos.
- 16.536 bocadillos.
- 60 sacos de durmir.
- 80 pares de calzado.
- 554 servizos de roupeiro.
- 229 servizos de perruquería (27 mulleres e 202 homes).
- 272 desprazamentos



ACCIONES DE SAÚDE PÚBLICA NO CAMPO DO VIH/SIDA

ACCIONES DE SAÚDE PÚBLICA NO CAMPO DO VIH/SIDA

Desenvólvense accións formativas e informativas destinadas a diminuír a transmisión da infección e a reinfección por VIH, Hepatite B (VHB) e Hepatite C (VHC), facilitando o acceso da poboación á información e ás medidas preventivas.

Tamén facilitamos o seguimento do tratamento médico das persoas usuarias do programa.

O programa desenvólvese nas cidades de Vigo, A Coruña, Marín e no CP Pereiro de Aguiar (Ourense).

Actividades:

- Charlas informativas sobre VIH e Infeccións de transmisión sexual (ITS): lévanse a cabo no ámbito da prostitución, con usuarios/as de drogas inxectadas (UDI) e co colectivo LGTBI.
- Accións formativas: curso de axentes de saúde.
- Campañas ENTÉRATE: campañas informativas realizadas en distintos centros universitarios coa finalidade de dar información realista sobre o VIH e as distintas ITS, para concienciar sobre a necesidade de utilizar métodos preventivos nas distintas prácticas sexuais, fomentar o coñecemento do estado serolóxico, etc.
- ENCONTROS: intervención con persoas portadoras do VIH, Hepatite ou algunha ITS, acompañamentos a consultas hospitalarias, facilitación de acceso a fármacos, seguimento de casos, etc.
- Redes sociais: ofrecer información actualizada e dar a coñecer as últimas noticias e os últimos avances médicos e sociais relacionados coa temática. Dar difusión ás distintas actividades realizadas pola entidade.
- Realización das probas rápidas de VIH e VHC: anónimas, gratúitas e confidenciais.
- Distribución de materiais preventivos: preservativos, lubricantes, etc.

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade
Colabora: SOCIDROGALCOHOL. Proxecto DETECT-C

- 181 participantes (99 mulleres e 82 homes).
- 13 accións formativas.
- 98,56% de satisfacción do alumnado coas accións formativas.
- 4 campañas informativas.
- 191 persoas informadas (115 mulleres e 76 homes).
- 931 folletos entregados.
- 938 profilácticos entregados.
- 101 accións de seguimento médico de VIH e Hepatite.



NADAL SOLIDARIO

Reparto de dúas comidas especiais e un agasallo a persoas sen fogar, beneficiarias do programa SISIFO, os días 24 e 31 de decembro nas cidades de Vigo e A Coruña.

Promove: Fundación "la Caixa"

- 153 racións entregadas o día 24 (98 en Vigo e 55 na Coruña).
- 140 racións entregadas o día 31 (90 en Vigo e 50 na Coruña).
- 156 agasallos de Nadal (Vigo e Coruña).



Nadal solidario

INCLUSIÓN SOCIAL

Desenvolvemos actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social que pretenden favorecer a incorporación social, o acceso ao mercado laboral e a participación social, cultural, educativa, formativa e laboral das persoas desfavorecidas. Estas actuacións enmárcanse dentro do Programa Operativo do FSE Galicia 2014-2020, no seu obxectivo 9 "Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación" e abranguen o período 2020-2022.

Actividades:

- Actuacións de apoio á inclusión sociolaboral: inclusión e transición ao emprego, orientadas a mellorar a empregabilidade das persoas vulnerables e a favorecer a inclusión activa mediante accións específicas que eviten a discriminación no acceso e mantemento do emprego.
- Servizo de Formación Adaptada en:
 - Adquisición de coñecementos básicos dixitais (4 edicións).
 - Preparación de probas de adquisición do título de Educación Secundaria Obrigatoria, (1 edición, unha iniciada no mes de decembro de 2021).

Promove: Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Inclusión Social. Cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020.

- 80 persoas beneficiarias (49 mulleres e 31 homes).
- 2 accións formativas.
- 350 horas de formación impartida.
- 44 persoas participantes na formación (19 mulleres e 25 homes).
- 27 diplomas entregados.
- 98,55% de satisfacción de persoas beneficiarias.
- 18 insercións laborais (8 mulleres e 10 homes).



4. ÁREA DE IGUALDADE

PROXECTO EVA (EMPREGO-VISIBILIDADE-AUTONOMÍA)

Comprende actividades que xorden das necesidades da poboación feminina reclusa, de cara á súa incorporación ao mercado de traballo ao finalizar a condena, e a mellorar as súas condicións mentres dura esta.

Desenvólvese en medio pechado (CCPP da Lama, Teixeiro e Pereiro de Aguiar) e aberto (CIS de Vigo e A Coruña).

Actividades:

- Itinerarios personalizados de incorporación sociolaboral.
- Formación ocupacional: Curso **AUXILIAR DE FLORERÍA** no C.P. Teixeiro.
- Taller de comunicación intercultural "**Comunicadas**": para potenciar as destrezas comunicativas e a autoestima entendidas dende unha perspectiva de xénero, así como fomentar o bo trato entre as mulleres privadas de liberdade, rachando calquera prexuízo cultural, social, de xénero, ou orixe. Desenvolveuse no C.P. Pereiro de Aguiar e C.P. A Lama.
- **Taller de Teatro**: para a mellorar as relacións e a comunicación interpersoal utilizando como ferramenta pedagóxica o teatro. Desenvolveuse no C.P. Pereiro de Aguiar.
- Talleres de desenvolvemento persoal (*Crea, Persegue, Consegue*), para mellorar habilidades sociais e persoais no seu programa individualizado de tratamento e a incorporación social e laboral tras o tempo de condena. Desenvolveuse no C.P. Teixeiro e C.I.S. A Coruña.
- Información e/ou derivación a recursos de atención, orientación e asesoramento persoal e social.
- Apoio directo nas relacións con outras entidades, organismos e servizos que faciliten ás mulleres reclusas o seu proceso de integración social.
- Acompañamento na procura de emprego, incluído o emprego por conta propia e o emprendemento.
- Prospección do mercado de traballo, intermediación e titorización laboral e profesional.

Promove: Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Igualdade a través da subvención a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

- 60 mulleres participantes.
- 60 itinerarios personalizados de incorporación.
- 58 mulleres recibiron atención psicolóxica.
- 1 curso ocupacional:
 - 10 alumnas
 - 100 horas de formación
 - 7 diplomas entregados
- 33 mulleres participaron en talleres do servizo de mediación intercultural e/ou familiar.
- 50 mulleres participaron en talleres para a adquisición de habilidades persoais, sociais básicas e competencias para a mellora da empregabilidade.
- 94,35% satisfacción das participantes.
- 11 incorporacións laborais.



Taller Crea, persigue, consegue

PROXECTO XEITOS DE VER

A IV Edición do proxecto Xeitos de Ver 2022 consistiu en formar a un grupo de persoas - en situación de privación de liberdade en medio aberto - para que foran capaces de analizar e reflexionar sobre a reprodución dos roles sexistas e violencias de xénero a través de la cinematografía. Despois dunha formación en linguaxe audiovisual e xénero onde aprenderon a pasar o test de Bechdel a varios filmes, organizaron un cineforum aberto para sensibilizar sobre a desigualdade no cinema.

Promove: Concello da Coruña

- 12 participantes (7 mulleres e 5 homes).
- 40 persoas acudiron ao cineforum.
- 5 persoas continuaron en actividades formativas.
- 96,30% de satisfacción das persoas participantes.
- 2 insercións laborais (1 muller e 1 home).



Xeitos de ver

ACHÉGATE Á REDE

O programa Achégate á rede ofrécelle a mulleres que viven situacións de vulnerabilidade, ubicadas en Vigo e na Coruña, a opción de formarse en habilidades dixitais que lles permitan autonomía á hora de realizar calquera trámite en liña, ademais de mellorar a súa empregabilidade a través da rede. Cómpre destacar que Achégate á Rede forma parte da Estratexia Europa 2020, plan que promove e impulsa a divulgación do coñecemento e a innovación.

Actividades:

- **Servizo de Apoio Dixital para mulleres en situación de especial vulnerabilidade na Sede de Vigo:** destinado a aquelas mulleres que necesitaban axuda para levar a cabo xestións e trámites administrativos vía dixital.
- **12 talleres de Apoderamento Dixital ao longo do ano 2022** (6 talleres impartidos en Vigo e 6 na Coruña), tendo o conxunto dos talleres unha duración de 156 horas, e en todos inclúese un módulo igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero a través da rede.

Promoven: *Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Igualdade a través das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes, e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas, no ano 2021.*

- 131 mulleres participaron no Servizo de Apoio Dixital.
- 91 mulleres participaron nos Talleres de Apoderamento Dixital.
- 12 accións formativas.
- 156 horas de formación.
- 86 diplomas entregados.
- 98% de satisfacción das participantes.



PROXECTO DANA

Combina aspectos técnicos da defensa persoal xunto con ferramentas psicoemocionais, de xeito que as mulleres non só melloraron a súa confianza e capacidade para actuar fronte a situacións de perigo, senón que tamén aprenderon a xestionar emocionalmente situacións de broqueo e mellorar a súa autoestima.

Actividades:

- Taller de Defensa persoal (36 horas).
- Taller Autoestima e igualdade (24 horas).

En ambas actuacións tívose sempre en conta o ritmo das participantes, adaptando as súas circunstancias e primando a cohesión grupal e o vínculo de sororidade entre as mulleres participantes, xerando un espazo de encontro para que as mulleres compartan experiencias e apoio mutuo.

Promove: *Deputación de Pontevedra*

- 12 mulleres (58% vítimas de violencia de xénero).
- 2 accións formativas.
- 60 horas de formación.
- 10 diplomas entregados.
- 92,13% de satisfacción das participantes.
- 2 insercións laborais.



Proxecto Dana



PROXECTO OLIMPIA

A finalidade deste proxecto é, por unha parte, habilitar un espazo de encontro e participación para un grupo de mulleres, onde cada unha poida avanzar cara unha sexualidade positiva, desde o bo trato e a sororidade. E por outra parte, capacitar ao persoal da entidade en materia afectivo-sexual dende a perspectiva feminista.


Actividades:

1. Taller de sexualidade destinado a mulleres maiores de 18 anos, coa finalidade de fomentar nas participantes o coñecemento do seu propio corpo, así como mellorar o seu benestar emocional e sexual. A cada participante entregóuselle un kit de hixiene feminina ao finalizar a acción formativa. 4 sesións (10 horas).

2. Taller de sexualidade para persoal laboral da Fundación Érguete-Integración, Formación para capacitar ao persoal en materia afectivo-sexual dende a perspectiva feminista para poder impulsar o benestar e a saúde das mulleres beneficiarias e/ou participantes nos nosos programas. 1 sesión (4 horas).

Promove: Concello de Vigo

- 2 accións formativas.
- 11 mulleres participantes (63,6% vítimas de violencia de xénero).
- 14 horas de formación.
- 8 diplomas entregados.
- 95% de satisfacción das participantes.



ACTO 8 DE MARZO - Día Internacional da Muller

O 8 de marzo, do Día da Muller, presentamos en colaboración co Museo Liste - Etnográfico e o Concello de Vigo, a exposición temporal "PIONEIRAS", que tivo como obxecto destacar a figura de mulleres galegas pioneiras en diferentes ámbitos: social, deportivo, político, ...

Foi unha mostra de 8 fotobordados realizados por un grupo de usuarios/as do programa SISIFO, que participaron nun taller téxtil, baixo o nome de "lanamala". Loitan, coa súa obra e con este mesmo pseudónimo por eles elixido, contra o estigma que sofre o colectivo e visibiliza a súa capacidade de transformación.

O fotobordado é unha técnica artística que conxuga dúas técnicas tradicionais: a fotografía e o bordado. A mostra, exposta no Museo Liste de Vigo dende a súa inauguración, acadou a cifra de 2.000 visitantes!



Pioneiras

ACTO 25 DE NOVIEMBRE Día Internacional contra a Violencia de Xénero

Para o 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, organizouse en colaboración co C.P. Pereiro de Aguiar un acto reivindicativo, no que se realizaron as seguintes actividades:

- Presentación do impacto da violencia de xénero en mulleres privadas de liberdade.
- A saúde mental nas vítimas de violencia de xénero (elaborado polo alumnado de Auxiliar de Psiquiatría).
- Performance teatral: "Non estás soa" (interpretada polas mulleres do grupo de teatro "Sen drama").
- Publicouse o Manifesto contra a violencia de xénero da Fundación Érguete-Integración.


ANÁLISE DO CÓDIGO PENAL

Desde o programa Itinere analizaronse artigos do código penal desde a perspectiva de xénero así como outros aspectos lexislativos de interese xeral para as nosas persoas beneficiarias, difundindo en redes sociais en un formato de sinxela lectura.

Durante o ano analizamos artigos relativos a: lexítima defensa, adulterio, dereito ao esquecemento, significación do suxeito activo e pasivo na comisión dun delito e a Lei Orgánica de Garantía integral da liberdade sexual.

MULLERES CON HISTORIA

Desde a aprobación do I Plan de Igualdade da Fundación Érguete-Integración no ano 2018 publicase de forma continuada nas redes sociais e na páxina web da entidade o apartado *Mulleres con Historia*, que nace do noso compromiso para visibilizar a contribución das mulleres ao longo da historia nas diferentes disciplinas e culturas, e así poder facer unha pequena contribución a repensar a dinámica da historia con perspectiva de xénero.




RESULTADOS



PERSOAS BENEFICIARIAS DIRECTAS


3.274 persoas (1.454 mulleres e 1.820 homes) foron atendidas nos diferentes programas da Fundación, das que 1.884 foron altas.

Por áreas de intervención, a porcentaxe de persoas atendidas foi a seguinte:



Número de persoas atendidas nas catro áreas de intervención:


FORMACIÓN E INCORPORACIÓN LABORAL 1.580 PARTICIPANTES




INTERVENCIÓN EN MEDIO PENITENCIARIO 416 PARTICIPANTES



INTERVENCIÓN SOCIAL 1048 PARTICIPANTES




IGUALDADE 231 PARTICIPANTES



INCORPORACIÓN LABORAL


588 insercións (251 homes e 257 mulleres) rexistradas no mercado laboral ao longo do ano.




NIVEL DE SATISFACCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Dentro do sistema de xestión da calidade das accións desenvolvidas, mantemos o obxectivo de satisfacción das persoas que participan nos programas e accións formativas nun 90%. Nos dous casos supérase.

AVALIACIÓN DOS PROGRAMAS



AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS



ACCIÓNS FORMATIVAS

1.019 persoas (530 mulleres e 489 homes) participaron nas 94 accións formativas desenvolvidas durante o ano, con 4.575 horas de formación.



COOPERACIÓN CO TECIDO EMPRESARIAL

Co fin de realizar prácticas non laborais en empresas e facilitar a incorporación laboral das persoas atendidas, establécense convenios de colaboración con empresas e asociacións empresariais. En 2022 asináronse 32 convenios con empresas e 2 con outras entidades sociais, a través dos programas Incorpora, Reincorpora, Punto Formativo Incorpora, Emprego Inclusivo, Programa Integrado e Servizo de Orientación Laboral.

En canto ás empresas nas que realizou prácticas o alumnado, o grao de satisfacción foi case do 100%.



SENSIBILIZACIÓN E VOLUNTARIADO

Dende marzo de 2002 a entidade está inscrita no Rexistro de entidades de acción voluntaria da Xunta de Galicia, con número de rexistro O-17. Durante estes anos se foron realizando algunhas accións formativas de voluntariado, e en diferentes momentos contouse coa colaboración de persoas voluntarias para a realización de actividades de apoio ao programa Sísifo, tanto no servizo de calor-café como no proxecto Nadal Solidario.

En xuño de 2022, aprobouse o Plan de Acción Voluntaria e Xestión, coa vontade de ser un instrumento de traballo realista e coherente; un Plan de Acción Voluntaria para os próximos anos que expresa en realidades tanxibles os valores e principios que anima o noso compromiso institucional de servizo á sociedade.

Todas estas persoas contribuíron ao noso traballo e obxectivos, moi especialmente na sensibilización e acción cidadá.



COOPERACIÓN CON CENTROS DE FORMACIÓN


Durante o ano 2022 realizaron prácticas na nosa entidade estudantes de diferentes centros de formación, cos que establecemos convenios de colaboración.

- Universidade de Santiago de Compostela. Prácticas da Escola Universitaria de Traballo Social, no programa Sísifo (A Coruña).
- Universidad Pontificia de Salamanca. Prácticas do Grao de Psicoloxía, na E.I.L. Corno Integral (Vigo).
- Universidade da Coruña. Prácticas do Grao de Educación Social, no programa Itinere (A Coruña).
- UNED. Prácticas do Grao de Psicoloxía, no programa Sísifo (Vigo).
- Universidad Miguel Hernández de Elche. Prácticas do Máster en Intervención Criminolóxica e Victimolóxica, no programa Itinere (A Coruña).
- Colegio LAR (Vigo). Formación en Centros de Trabajo (FCT) do alumnado do Ciclo Superior en Integración Social no Ciberemprego.
- Casa Escuela Santiago Uno-Salamanca. FCT do alumnado do Ciclo Superior de Integración Social, no programa Sísifo (Vigo).
- CIFP Ánxel Casal-Monte Alto (A Coruña). FCT do alumnado do Ciclo Superior de Integración Social, no Servizo de Orientación Laboral.
- IES Chapela, Redondela (Pontevedra). FCT do alumnado do Ciclo Superior de Integración Social, no Ciberemprego.

- 10 estudantes en prácticas (9 mulleres e 1 home).
- 2.462 horas de prácticas na entidade.
- 100% de satisfacción coa realización das prácticas do alumnado.
- 100% de satisfacción dos centros colaboradores.
- 3 insercións laborais na entidade ao finalizar o período de prácticas (3 mulleres).

RECURSOS HUMANOS

Un total de **155** persoas (109 mulleres e 46 homes) traballaron este ano na Fundación Érguete-Integración e na E.I.L. Corno Integral.



CON É DE ÉRGUETE





ALIANZAS

A Fundación Érguete-Integración participa activamente en:

- **UNAD** (Unión de Asociaciones y Entidades de Atención al Drogodependiente).
- **INCORPORA e REINCORPORA** (Programas de Integración Laboral de colectivos en riesgo de exclusión social de Obra Social "la Caixa").
- **EAPN-GALICIA** (Rede Galega contra a Pobreza).
- **AEIGA** (Asociación de Empresas de Inserción de Galicia), a través da EIL Cormo Integral.
- **PLDA** (Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo).
- **PAE** (Punto de Atención ao Emprendedor). Integrado na RED CIRCE do Ministerio de Industria, Comercio y Turismo.dor). Integrado na RED CIRCE do Ministerio de Industria, Energía y Turismo

RECOÑECIMENTOS

- **Nome do Centro de Inserción Social de Vigo:** "Carmen Avendaño Otero" (2006)
- **Medalla Castelao** (2007)
- **Cruz de Prata da Orden Civil da Solidariedade Social** (2010)
- **Medalla Concepción Arenal** (2018)
- **Compañía comprometida coa inserción laboral das persoas con síndrome de Down** (2018)
- **De centros penitenciarios:**
 - C.P. A LAMA: Mención especial polo traballo desenvolvido polo Programa Itinere (2010)
 - C.P. TEIXEIRO: Medalla de Bronce ao Mérito Social Penitenciario (2021)



REXISTROS

- **Clasificada de Interese social** (1999) e **Fundación de Interese Galego** (2000): 1999/25
- **Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, Xunta de Galicia** (RUEPSS) (2001): E-1455.
- **Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo** (2001): 761-01.
- **Entidade de Acción Voluntaria de Galicia** (2002): O-17.
- **Centro colaborador de formación ocupacional da Xunta de Galicia** (2004): 36/01337.
- **Entidade Colaboradora do Plan de Galicia sobre Drogas** (2005): SA 463D 2003/3.
- **Entidade Prestadora de Servizos Sociais** (2006): VP-1455.
- **Inscripción no Rexistro Municipal de Asociacións (REMAC)** da Coruña (2013): 309.
- **Entidade colaboradora no Proxecto de detección precoz de VIH a través das probas anónimas de detección rápida** (2014).
- **Aliado Dixital na categoría de Entidade colaboradora, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - Xunta de Galicia** (2016): PR602A-2016-00000073-00.
- **Adhesión á REDE EUSUMO para o fomento do cooperativismo e a economía social, Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia** (2017) .
- **Acreditación como Axencia de Colocación** nº 1200000078. Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia (2018).
- **FUNDAE.** Inscripción centro formación nº 24399 (2022)



RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

- Firmante da RED PACTO MUNDIAL ESPAÑA (Iniciativa internacional de Naciones Unidas) (2010).
- Selo de compromiso para a Excelencia Europea +200 EFQM (2009).
- Selo de Excelencia Europea +300 EFQM (2011, 2014, 2016, 2018).
- Sistema de xestión conforme coa Norma ISO 9001: 2015. Número de certificado ES122824 (2021).
- Adhesión ao "Protocolo para a detección e tratamento na empresa de situacións de violencia de xénero producidas dentro e fora dos lugares de traballo" (2016).
- Adhesión ao Consello Asesor de Pacientes da EOXI de Vigo, Consellería de Sanidade-SERGAS da Xunta de Galicia (2017).
- Adhesión ao Pacto Social pola non discriminación e a igualdade de trato asociada ao VIH, Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social (2019).
- Adhesión ao Pacto Social por unha Coruña libre de violencias machistas (2020).



OUTRAS COLABORACIÓNS

DONACIÓNS

O noso agradecemento:

- Ás persoas e entidades que fixeron aportacións económicas a través da páxina web, persoalmente e a través da aplicación de Helpfreely.org, que contribúen a que máis persoas melloren as súas condicións de vida.
- Aos Bancos de Alimentos de Vigo e A Coruña, pola colaboración co programa Sisifo.
- Á empresa Galletas Mariñeiras Daveiga pola colaboración co programa Sisifo.



CONTACTO

FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN (VIGO) -SEDE

Av. Martínez Garrido, 21, interior
36205 VIGO
T. 986 253 176
F. 986 263 297

www.fundacionerguete.org

Email: funderguete@fundacionerguete.org

Facebook: [/funderguete](https://www.facebook.com/funderguete)

Twitter: [@FErgueteIntegr](https://twitter.com/FErgueteIntegr)

Instagram: [funderguete](https://www.instagram.com/funderguete)

Linkedin: [/fundación-érguete-integración](https://www.linkedin.com/company/fundacion-erguete-integracion)

FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN (A CORUÑA)

• Barrio de las Flores
R/ Azahar, Bloque 48, Portal 10 baixo
15008 A CORUÑA
T. 881 896 801
F. 881 896 801

• Centro Municipal Asociativo Ramón Cabanillas
Av. de Arteixo 85, baixo
15007 A Coruña



FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN



Co financiamento de:



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Xacobeo 21 22



Coa colaboración de:



FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN

Av. Martínez Garrido, 21, interior, 36205 Vigo

T. 986 253 176 F. 986 263 297

funderguete@fundacionerguete.org

www.fundacionerguete.org

